

Unha illa na literatura galega

O arquipélago de illas, encabezadas por San Simón, que fondean na baía de Rande é territorio marcado a ferro pola historia. Lazareto nun tempo no que a lepra representaba un grande problema de saúde pública, a súa negra historia porén ficou marcada pola condición de campo de concentración para prisioneiros políticos do franquismo. Con este pasado de crueldade acadou o símbolo que fai dela a o grande santuario da memoria histórica en recordo dos mártires da liberdade. Mais aínda, no decorrer do tempo aquí sucederon lendas de corsarios, de monxes templarios, de batallas, de tesouros agachados, de viaxeiros chegados de afastadas terras que atoparon nesta paraxe a fonte de inspiración criadora na expresión artística. Mesmo Xulio Verne quixo que o Nautilus, capitaneado por Nemo, nas súas “Vinte mil leguas de viaxe submarina” recalara aquí marabillado polo relato da fortuna que debían ter os galeóns afundidos na batalla de Rande. Hoxe en día, tras a feliz recuperación arquitectónica da que foi obxecto, é considerada a Illa do Pensamento. Lugar ideal para festexar unha das expresións que conforman a cultura galega comprometida coa normalización do idioma, a mellor literatura. Non esquezamos que o trobador Meendinho dedicou a súas cantigas medie-

vais, precursor histórico da nosa fala literaria, a San Simón e á ría de Vigo. Falamos dos premios impulsados por Edicións Xerais de Galicia; isto é, o Merlín de literatura infantil e o Xerais de novela. Este último, de aniversario redondo, ao conmemorar a súa trinta convocatoria. Os dous, probablemente os máis cobizados e prestixiosos dentro do universo da singular e rica literatura producida no noso País, sempre en galego como bandeira de compromiso editorial. Producción literaria que é unha especie de anomalía cultural, vista así desde a fronteira española ou lusa. O bo facer da equipa humana que move este selo editorial, sumado ao músculo comercial do grupo Anaya que fai posible a súa distribución co impulso de convencemento que se precisa para gañar lectores, que pasen por caixa, fai que os datos históricos de produción e venda de libros da marca representen un fito que desafia a parca axuda institucional dada á edición. Sempre abertos á innovación, anuncian novas liñas de traballo que traen esperanza nese buraco negro no que o Goberno Galego, e o de máis alá, ten metida á produción cultural. Boa falta fai.



XOSÉ CASTRO
RATÓN